

## **Declaración institucional do 25 de novembro de 2022**

### **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**

Hoxe, 25 de novembro, reunímonos para conmemorar o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. A violencia contra as mulleres ten moitas formas e ten un impacto nas súas vidas que depende, en gran medida, dunha garantía de acceso a dereitos básicos para a súa recuperación.

Das formas de violencia machista, as violencias sexuais son as que máis se producen, as máis invisibilizadas e as máis naturalizadas. Todo isto fai das violencias sexuais un compoñente central do patriarcado. Non teñen que ver co sexo, senón co poder. O poder de cousificar, humillar, dominar, disciplinar, xerar medo e restrinxir a liberdade das nenas, as adolescentes e as mulleres. O poder de crear a expectativa social de que os homes deben tomar a iniciativa no sexo e non deterse até recibir unha negativa directa. Incluso o poder de ignorar unha negativa ou traspasar os límites coa insistencia.

Tamén o poder de producir un sentimento de vergoña por sufrir unha agresión sexual, o poder de responsabilizar e votarlle a culpa ás vítimas/sobreviventes (como ía vestida, que consumira, en que lugar estaba, se ía soa...) en lugar de sinalar ao agresor como único responsable. Ou o poder de pór en dúbida a intención das denunciante. E, de forma primordial, o poder de crear un imaxinario no que as agresións as comete un descoñecido no espazo público con perfil psicópata e depravado, a pesar de que a maior parte das agresións, especialmente aquelas máis graves, ocorren en espazos considerados privados e os agresores máis habituais carecen dun perfil concreto. Cométenas amigos, parellas, compañeiros de estudos ou de traballo, veciños, familiares ou referentes próximos.

Os movementos feministas de todo o mundo rebeláronse contra este poder patriarcal, sinalaron as causas e as consecuencias das violencias sexuais e identificaron as súas diversas expresións en todos os ámbitos en que ocorren (familiar, da parella, social ou comunitario, laboral, educativo, dixital ou político). Tamén denunciaron a cultura da violación que normaliza e acepta a violencia sexual cara ás mulleres e xeraron unha onda de sororidade para recoñecer a voz das mulleres que denuncian e acompañalas.

Simultaneamente, os feminismos impulsaron dous grandes cambios. En primeiro lugar, puxeron o seu consentimento no centro. A liberdade sexual inclúe practicar sexo tan a miúdo como se queira e con quen se queira, así como rexeitalo. Isto interpela a toda a sociedade e especialmente aos homes, para que se desprendan dos estereotipos e dos roles de xénero nos que os socializa o patriarcado, para que aprendan a identificar en si mesmos e na súa contorna de amizades, familiares e compañeiros de traballo ou de lecer todas aquelas actitudes e condutas que lexitiman, banalizan ou que directamente constitúen violencia sexual.

E, en segundo lugar, os feminismos esixiron que se faga efectiva a dilixencia debida dos poderes públicos e que se erradique toda forma de violencia institucional. Unha responsabilidade que abarca tanto as políticas de prevención como as de reparación, que deben estar suficientemente dotadas de recursos económicos e requiren a máxima colaboración e cooperación interinstitucional e intersectorial.

Este é o compromiso que afianzamos todas as institucións políticas do país. Un compromiso coa garantía de todos os dereitos que ven vulnerados coas violencias sexuais: dende o dereito á seguridade, ao dereito á integridade física e psicolóxica, pasando polo dereito á saúde, o dereito á educación ou o dereito á participación social e política. En definitiva, un compromiso coa liberdade das mulleres que debe converternos tamén unha sociedade máis libre.

